

**RECOMENDACIÓNS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA CRTVG
SOBRE O TRATAMENTO DOS CASOS DE VIOLENCIA MACHISTA NOS
MEDIOS DE COMUNICACIÓN PÚBLICOS GALEGOS**

Aprobadas no pleno do 2 de decembro de 2015

A violencia contra as mulleres é unha lacra no contexto dunha situación de desigualdade nun sistema de dominación dos homes sobre as mulleres. A súa superación só virá da man da erradicación das discriminacións *por razóns de sexo* e dunha implicación activa de toda a sociedade.

Os malos tratos e a violencia contra as mulleres constitúen un atentado contra o dereito á vida, a dignidade e a integridade física, psíquica e moral das vítimas. Trátase de delitos que non se poden presentar como un crime pasional.

Este fenómeno de lamentable actualidade engloba un problema social no que debemos implicarnos e contra o que debemos loitar. As e os membros do Consello de Administración da CRTVG, conscientes e especialmente sensibilizados co problema, cremos que:

A CRTVG debe prestar unha atención preferente a cantos contidos estean relacionados coa violencia contra as mulleres e promover un compromiso activo en contra da discriminación da muller e a violencia machista, evitando a transmisión de mensaxes que poidan contribuír a crear na sociedade sensación de impunidade ante estes delitos.

As informacións relacionadas con este tema deben ser obxecto dun tratamento serio, delicado e rigoroso que prime, ante todo, o respecto extremo perante as vítimas.

Polo tanto, respectando o dereito das e dos profesionais a exercer o seu traballo de forma independente, queremos formular as seguintes recomendacións básicas co propósito de harmonizar a información sobre a violencia machista nos medios públicos de comunicación dependentes da CRTVG. Ditas recomendacións se vertebran sobre as seguintes claves:

A violencia machista non é un suceso convencional.

O morbo non é noticia, nin información.

O rigor é imprescindible, polo que debe prevalecer sobre a urxencia.

Debe servir para marxinar a autores, encubridores e persoas que xustifican e desculpan estes feitos.

A igualdade, a liberdade e a integridade son valores irrenunciabes e

cualificadamente protexidos.

I TERMINOLOXÍA

Recomendamos a utilización da expresión «violencia machista» (que pode ser substituída polos termos «violencia sexista» ou «violencia contra as mulleres» como recurso estilístico para evitar a excesiva reiteración da antedita expresión), rexeitando, polas súas particularidades concretas, «de xénero», «doméstica», «familiar», «de parella» e, pola súa imprecisión e inexactitude, «masculina contra as mulleres».

II RESPECTAR A IDENTIDADE E A DOR DA VÍTIMA

A vítima non pode ser amosada sen o seu permiso expreso nin en momentos de tensión emocional. Xa que logo, nunca se deben utilizar imaxes ou sons «roubados» da vítima. Só se divulgará a imaxe se é consentida, pero non á calor dos feitos, senón unha vez recuperados a autoestima e o equilibrio emocional. Consecuentemente, cómpre reflexionar sobre a conveniencia de amosar os efectos dos malos tratos. Divulgar as secuelas pode ser unha boa ferramenta de pedagogía social, pero, en todo caso, debe prevalecer o respecto á integridade moral das vítimas.

En definitiva, débese respectar escrupulosamente a vítima e a súa intimidade, evitando o uso de imaxes sensacionalistas e morbosas, non presentando a aquela nin aos seus familiares en momentos de tensión emocional. O feito noticiable é a violencia e o delito contra a vítima, non os aspectos morbosos que rodeen o acontecido.

III IDENTIFICACIÓN DO AGRESOR

Cómpre lembrar o deber de respectar a presunción de inocencia e, polo tanto, extremar a cautela nesta cuestión, xa que un erro de identidade pode provocar consecuencias irreparables. Non obstante, é importante deixar claro quen é o agresor e quen a vítima. A presunción remata cando existe sentenza firme condenatoria.

IV NON CONFUNDIR O MORBO CO INTERESE SOCIAL

Débese evitar a confusión entre dereito de información e interese da audiencia con morbo. Fuxir do sensacionalismo tanto no tratamento do suceso coma no seu titular. Non caer en descrições detalladas ou escabrosas que non acheguen datos útiles, senón só dor á vítima e ao seu ámbito.

A imaxe debe respectar a dignidade da persoa. As novas sobre a violencia contra as mulleres non deben incluír os recursos estéticos ou a narrativa habitual das reportaxes de sucesos. Consecuentemente, débense evitar aqueles recursos de ocultación das vítimas que dean aparencia de criminalización (efecto mosaico, tiras en ollos, distorsións de voz...). Pola contra, aconséllase empregar outros medios de estética menos agresiva (contraluces, xogos de sombras, voces en off...). En calquera caso, o apoio gráfico da información debe respectar a dignidade da persoa.

Dese xeito, é necesario evitar a reconstrución dos feitos que abunde en detalles escabrosos ou en primeiros planos que provoquen o morbo ou a conmiseración da vítima, tendo sempre en conta que as reconstrucións son útiles cando se utilizan con afán informativo e cando son necesarias para a comprensión dos feitos. Os detalles e imaxes escabrosos non inducen ao rexeitamento do maltrato en si.

V

EXTREMAR A PRECAUCIÓN NO USO DE FONTES E DATOS

Os malos tratos non son só un suceso, senón que se enmarcan nun problema máis amplo, o da violencia contra as mulleres. Determinadas informacións sobre desavinzas conxugais poden seren erroneamente interpretadas e inducir a pensar que os malos tratos son consecuencia lóxica dunha situación de deterioro. Pola contra, subliñar as boas relacións de parella é un argumento que podería avaliar a hipótese do arrebatado pasional.

VI

VIXIAR O USO DE TESTEMUÑAS PRÓXIMAS AO AGRESOR E/OU Á VÍTIMA

De igual forma, é necesario coidar especialmente os testemuños. Non todas as testemuñas son igualmente fiables, como tampouco se igualan en interese informativo. Se ben é certo que algúns achegan, outros confunden información con opinión e dilúen o foco do problema con valoracións subxectivas. Cómpre seleccionar testemuñas e testemuños con criterio.

A experiencia nos eidos radiofónico e televisivo indica que nalgúns casos se trata de testemuños inducidos polas preguntas de quen informa e entre persoas que nese momento poden non seren conscientes da transcendencia das súas declaracións, mesmo podendo ser parte interesada. Igualmente, deben extremarse as cautelas con aquelas persoas que unicamente buscan

notoriedade, presenza gratuíta ante os micrófonos e cámaras, defensa interesada do suposto agresor ou as que achegan detalles morbosos carentes de valor informativo.

VII **OBXECTIVIDADE E LINGUAXE PURAMENTE INFORMATIVA**

Non corresponde ao xornalismo xulgar un feito determinado, senón informar del coa maior obxectividade posible. Débese identificar claramente o comportamento do agresor cos detalles necesarios para amosar que nunca ten xustificación, coidando especialmente as declaracións que lle permiten aos condenados por violencia contra as mulleres escusarse, explicar ou sementar dúbidas sobre o seu comportamento.

A utilización dunha linguaxe violenta desvirtúa as razóns da agresión. Expresións como «certeira puñalada», «cadáver ensanguentado», «cosida a coiteladas», etc., dirixen a atención a aspectos colaterais, incompatibles cos motivos reais da agresión.

Débense evitar adxectivos, frases feitas e/ou tópicos que poidan introducir certas doses de frivolidade e de banalización. Datos ou comentarios en aparencia inofensivos poden terxiversar gravemente a información e desviar a atención das verdadeiras causas da traxedia. Así, por exemplo, empregar adxectivos como «celoso» ou «bebedor» para definir ao agresor achégannos á exculpación. Dicar da vítima, por exemplo, que «era nova e guapa» ou «saía con amigas» desvían o foco do verdadeiramente importante e achégannos á desculpa ou a comprensión do maltratador. Convén obviar os comentarios que poidan desprestixiar á vítima ou desviar a atención.

Unha linguaxe agresiva vólvese reactiva. Polo tanto, os feitos débense relatar coa sensibilidade debida, mais sen vehemencia, evitando o tratamento desmesurado e alarmista.

VIII **EVITAR O DENOMINADO «EFECTO NARCOTIZANTE» ENTRE A AUDIENCIA**

A difusión continuada deste tipo de informacións pode xerar na audiencia un efecto narcotizante. Para evitalo, as e os profesionais deben formular tratamentos informativos diferentes e novos, evitando fórmulas do estilo de «un caso máis», «outro caso de...».

Outra suxestión é achegar material de apoio que permita contextualizar a

información, así como buscar ramificacións do problema: saídas, novos proxectos, campañas, etc.

IX RADICACIÓN DAS NOVAS NOS PROGRAMAS INFORMATIVOS

Estimamos que a CRTVG debe incidir no labor pedagóxico/social/informativo, colaborando así na tarefa de que todas as mulleres denunciaren aos seus agresores, creando conciencia social ao respecto. Neste senso, o tratamento e denuncia dos sucesos relacionados con malos tratos e violencia deben ocupar un lugar destacado nas noticias, non ser relegados a un suceso máis.

X INFORMACIÓN ÚTIL

A CRTVG non debe limitar o tratamento informativo aos feitos dramáticos. Para colaborar na erradicación deste problema, tamén divulgará os casos exitosos nos que as mulleres conseguiron liberarse dos malos tratos e refacer a súa vida, para que sirvan de exemplos a outras vítimas e amosen como hai saída e como actuar.

É importante completar a información sobre as circunstancias que rodean cada caso, os antecedentes policiais e/ou xudiciais, os incumprimentos -se os hai- das medidas adoptadas ou a asistencia recibida pola vítima, todo o anterior co obxecto de alertar sobre os posibles riscos futuros a que están expostas as mulleres maltratadas. Malia o significado, cómpre ter en conta a influencia que sobre outras vítimas pode exercer un tratamento alarmista de ditos riscos, xa que diminuiría a súa confianza no apoio que poida recibir a súa denuncia. Doutra banda, promover ou participar en campañas de información e prevención axuda a radicar axeitadamente o problema.

É pertinente buscar entre especialistas apuntes que complementen a información ou que xeren informacións relacionadas. Profesionais da socioloxía, da saúde, da avogacía, fiscalía, xudicatura, forenses, etc. poden enriquecer as novas sobre casos de violencia machista e aportar claves para o seu entendemento.

XI ACCIÓN COMPLEMENTARIAS

Consideramos que os medios públicos de comunicación dependentes da CRTVG deben:

- Promover espazos ou programas que axuden a xerar unha conciencia social sobre o problema da violencia contra as mulleres, solicitando opinións

de persoas expertas en materia xurídica, psicolóxica, policial, etc.

- Incluir nas SEQ CHAPTER \h \r 1novas que versen sobre a cuestión obxecto destas recomendacións o número do servizo telefónico de información e de asesoramento xurídico en materia de violencia machista, salientando sempre que as chamadas ao devandito número non se reflicten na factura telefónica.
- Observar as recomendacións emanadas do Observatorio Galego da Violencia de Xénero.